



## Madamitas e Madamitos de Entrimo



O traxe foi recuperado coas informacións recollidas das persoas maiores de noso Concello, e a foto recollida na Historia de Galiza de Otero Pedrayo.

Esta máscara trata de ridiculizar as persoas pudientes da aquela época, sacando o exterior a roupa interior das mulleres (enaguas e calzóns).

O sombreiro das mulleres era de palla empregado nas labores do campo, engalanado coas fitas de cores para darlle máis cor e un veo diante da cara.

E unha mixtura da vestimenta da xente do campo e as señoritas e señoritos (bolso, abano, a vara...).

Por iso, o traxe do home é una mofa dos señores: acurtándolles a capa, cambiándolle o sombreiro por o cucurucho estilo bufón, vestindo o calzón das mulleres...



### Desfile das madamitas e madamitos:

Diante iba un gaiteiro coa cara pintada de negro tocando a gaita abrindo o cortexo.

Despois os madamitos e madamitas, logo un carro de vacas adornado con mimosas e frores da época.

Formaba parte do cortexo as **Farandulleiras/os**. Homes e mulleres vestidos de vellos e vellas que iban votando borrarillo a longo do recorrido.





### Traxe Madamita

Leva na cabeza un sombreiro de palla con 8 fitas de cores e veo por diante da cara, e leva a cara tapada por unha careta branca.



Mais os seguintes complementos: careta branca, chal de cores con frecos, abano de cores, luvas brancas, bolso branco con rendas, calcetins calados brancos de media perna e zapatillas brancas de esparto.



Vestimenta: camisa de liño con puntillas nos puños e saia curta (por debaixo do xeonllo) de liño con puntillas e moito frunce.



## Traxe Madamito

Levaban na cabeza un gorro de cucurucho de cartón que semella o dun bufón con papeliños de cores na punta, tal como se mostra na Historia de Galiza de Otero Pedrayo.



Complementos:





Careta branca con grandes bigotes, faxín vermello con chocas, luvas brancas, calcetins calados brancos de media perna e zapatillas brancas de esparto e unha vara.

Vestimenta: camisa de liño con puntillas nos puños, garabata vermella, calzón curto (por debaixo do xeonllo) de liño con puntillas. Como se amosa na foto leva o faxín na cintura cas chocas por detrás.

Por encima da camisa leva unha capa curta de cor vermello.

